

Texto: **FERNANDO PESSOA**
 Ilustracións: **PEDRO PROENÇA**
 Edición literaria: **MARGARIDA NORONHA y PEDRO PROENÇA**

Encadernación en cartóné. 15x23,5 cm.
 64 páxinas en color. Trece lúas.
 En portugués: ISBN 978-989-8205-32-2
 Prezo: 15 € (en Portugal)

FERNANDO PESSOA ANTOLOGIA POÉTICA

**Trece poemas en cada libro,
 trece poemas como trece lúas,
 como os trece meses do calendario luar.
 A lúa, ese ser cambiante
 que muda a súa cara de espello circular.
 Señora das mareas, astro da fecundidade.
 Ritmos lunares para dar medida ao tempo,
 ao tempo poético.**

Este libro invita a ler un poema cada día, ou cada semana, ou cada mes lunar. Despois, pode deixarse repousando nun atril, aberto na ilustración que se desexe, que non é nen máis nen menos, que a lectura que Pedro Proença fixo das palabras do poeta, para deleite dos nosos ollos e da nosa impresión máis persoal.

Ilustrar os poemas de Fernando Pessoa esixe unha reflexión porque, en Pessoa, aquilo ao que chamamos Modernidade está cheo de movementos e contra-movementos, de lóxicas internas que son seguidas como siloxismos, dun mañá que non sabemos o que nos trae, e da asombrosa moda de onte pola tarde. Con Pessoa estamos forzados a constatar a complexidade das «subxectivacións» e as desinhibicións da vontade de interiorizar e de singularizar, e dos problemas, ás veces terribles, da empatía epidérmica co mundo.

Pedro Proença

FERNANDO PESSOA (Lisboa, 1888-1935)

Nacieu e morreu en Lisboa, aínda que viviu en Sudáfrica, en Durban, entre 1896 e 1905, onde recibiu parte da súa formación escolar e cultural en inglés. Xa en Lisboa, e tras un breve paso pola Facultade de Letras -que abandoou- traballou en varias oficinas como comercial. En 1915, con Mário de Sá-Carneiro, Almada Negreiros e outros poetas e artistas plásticos, cos que formou o grupo «Orpheu», lanzou a revista homónima, marco do Modernismo portugués. No seu segundo número publicou «Chuva Oblíqua». Nunha carta a Adolfo Casais Monteiro, Pessoa atribúe a esa obra a emerxencia de Alberto Caeiro (1889-1915), o seu primeiro heterónimo e predecesor dos demais: Ricardo Reis (1887) e Álvaro de Campos (1890). Á marxe do aspecto literario, o lado humano dos heterónimos chamou moito a atención. Concebidos como individualidades distintas da do autor, creoulles unha biografía, atribuíulles un rostro, aficións, xestos e mesmo horóscopo propios; en suma, construíulles «idades e vidas».

PEDRO PROENÇA (Angola, 1962)

Artista lisboeta, malia que naceu en Lubango. Na súa mocidade comezou a debuxar cómics, aos que seguirían poemas neo-futuristas e manifestos neo-dadaístas, que o encamiñaron á creación dun colectivo artístico. En 1981 puxo en marcha o Movemento Neo-Canibal, que evolucionou cara ao chamado Movemento Homeostético, posiblemente o grupo máis inconformista da arte portuguesa nos anos 80. Na década dos 90 adicouse á ilustración, colaborando con revistas infantís, libros ilustrados e escritores como Camões ou Saramago. Publicou varios libros propios de poesía, ficción, ensaio e tipografía.

